



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Aprendizaxe e Ensinanza dos Módulos das Familias Profesionais do Sector Servizos

Materia	Aprendizaxe e Ensinanza dos Módulos das Familias Profesionais do Sector Servizos			
Código	V02M066V06226			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Formación Profesional. Servizos			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	12	OB	1	2c
Lingua de impartición				
Departamento				
Coordinador/a	Meruéndano Cardeñosa, Miguel Angel Martínez Méndez, Manuel			
Profesorado	Martínez Méndez, Manuel Meruéndano Cardeñosa, Miguel Angel			
Correo-e	mmeruendano@edu.xunta.es elmanu@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>A transmisión da cultura é un dos aspectos máis importantes e máis preocupantes para unha sociedade. Do que falamos é da tarefa de pasar, dunhas xeracións a outras, o coñecemento acumulado: saberes e técnicas, valores e crenzas, coñecementos, modos, maneiras, costumes, etc. Cumpre esta tarefa unha dobre misión: socializar aos novos membros dunha comunidade e garantir que os coñecementos non se perdan e contribúan ao mantemento da sociedade no futuro.</p> <p>Canto máis complexa sexa unha sociedade máis se complica, á súa vez, a maneira de transmitir a cultura. Aínda que as sociedades teñen multitude de mecanismos para educar, necesitan estruturar, ordenar, planificar en definitiva, as fórmulas adecuadas para facer realmente efectiva esa tarefa.</p> <p>Nunha sociedade como a nosa, existen responsables, en distintos niveis, do sistema educativo. Estes deben tomar unha serie de decisións, deben decidir que coñecementos transmitense, de que maneira, en que lugares e momentos, quen están preparados para comunicalos, etc. Deben decidir tamén como se acredita a adquisición deses coñecementos e como se atende ás diferenzas entre o suxeitos obxecto da educación. Todo iso no seu ámbito de actuación: O goberno do Estado, as Comunidades Autónomas nas súas competencias, os centros educativos e o profesorado.</p> <p>As e os docentes necesitan, como calquera outro profesional, planificar a súa actividade. Esta planificación resulta imprescindible, por unha banda, para cumprir co estipulado por instancias superiores e contextualizalo na nosa contorna, e, por outro, para afastarse do intuicionismo e do activismo. É o que denominamos planificación didáctica, que incluíría a programación didáctica e a programación de unidades didácticas, polo profesorado para a súa tarefa cotiá.</p>			

## Competencias de titulación

## Código

A1	Coñecer os contidos curriculares das materias relativas á especialización docente correspondente.
A3	Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
A4	Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada.
A5	Contextualizar o currículo que se vaia a implantar nun centro docente participando na planificación colectiva do mesmo.
A6	Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes.
A7	Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sustentable.
A10	Deseñar e realizar actividades formais e non formais que contribúan a facer do centro un lugar de participación e cultura na contorna no que está situado.
A32	Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
A33	Coñecer os contidos que se cursan nos respectivos ensinos.
A34	Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.
A35	Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares
A36	Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
A37	Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.
A38	Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
A39	Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes.
A40	Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.
A41	Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.
A46	Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización.
A47	Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente.
B1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
B2	Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.
B3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias

## Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer os ciclos formativos relacionados coas familias profesionais do sector primario, saber secundario e sector servizos.		A1
Analizar os currículos dos títulos formativos dos sectores primario, secundario e sector servizos	saber saber facer Saber estar / ser	A32 A33 B1 B3
Desenvolver os diferentes apartados que compoñen unha programación didáctica e as súas unidades didácticas	saber saber facer Saber estar / ser	A3 A4 A5 A32 A33 A34 A35 A36 A40 A41 A46 B1 B2 B3
Elaborar e defender unha programación didáctica cos módulos dos sectores primario, secundario e servizos	saber saber facer Saber estar / ser	A3 A7 A46 A47 B3

Elaborar varias unidades didácticas e defender unha delas relacionada cos módulos dos saber	A3
sectores primario, secundario e servizos.	saber facer A4
	Saber estar / ser A5
	A6
	A7
	A10
	A36
	A37
	A38
	A39
	A40
	A41
	A46
	B1
	B2
	B3

## Contidos

Tema	
Os ciclos formativos relacionados coas diferentes familias profesionais.	Ciclos formativos das familias do sector primario e secundario e do sector servizos
Os documentos curriculares como punto de partida da actividade docente	Estructura dos títulos de FP Transición LOXSE a LOE
As programacións didácticas: estrutura, deseño e confección.	Marco legal Contexto socioeconómico. Metodoloxía Avaliación Atención á diversidade. Educación en valores.
Estructura, deseño e confección das unidades didácticas	Planificación de obxectivos e tarefas. Criterios e instrumentos de avaliación. Mínimos Tarefas do profesorado asociadas a cada actividade

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	15	35	50
Resolución de problemas e/ou exercicios	6	20	26
Proxectos	35	170	205
Presentacións/exposicións	3	15	18

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da guía docente da materia
Sesión maxistral	Explicación dos contidos da materia en base a material dispoñible en FAITIC.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realizaranse en pequeno grupo e baixo a supervisión dos profesores.
Proxectos	Elaboración dunha programación didáctica, desenvolvendo completamente un mínimo de 5 unidades didácticas.
Presentacións/exposicións	Exposición e defensa da programación didáctica elaborada e dunha das súas unidades didácticas

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Resolución de dúbidas. Axuda no traballo do alumnado a través das diferentes ferramentas da plataforma FAITIC.
Sesión maxistral	Resolución de dúbidas. Axuda no traballo do alumnado a través das diferentes ferramentas da plataforma FAITIC.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución de dúbidas. Axuda no traballo do alumnado a través das diferentes ferramentas da plataforma FAITIC.
Proxectos	Resolución de dúbidas. Axuda no traballo do alumnado a través das diferentes ferramentas da plataforma FAITIC.

<b>Avaliación</b>		
	Descrición	Cualificación
Actividades introdutorias	Presentación da guía didáctica do módulo.	0
Sesión maxistral	Explicación dos contidos da materia en base a material dispoñible en FAITIC.	0
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realizaranse en pequeno grupo e baixo a supervisión dos profesores.	20
Proxectos	Elaboración dunha programación didáctica, desenvolvendo completamente un mínimo de 5 unidades didácticas.	50
Presentacións/exposicións	Exposición e defensa da programación didáctica elaborada e dunha das súas unidades didácticas	30

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Para acollerse á avaliación continua anteriormente detallada será necesario asistir ás clases alomenos un 80% do tempo presencial. Esta avaliación continua realizarase en base aos seguintes criterios:

- Participación nas actividades orais e realización escrita de cuestións e exercicios propostos na aula (2)**
- Calidade da programación didáctica elaborada (3)**
- Valórase neste apartado:**
  - Identificación e contextualización.
  - Adecuación do currículo ás características do ámbito productivo.
  - Táboa dun mínimo de 15 UD con indicación dos RA ou CT asociados así como unha breve descrición e temporalización.
  - Número de UD desenvoltas a maiores do mínimo establecido de 5
  - Indicación dos mínimos e dos criterios de cualificación coherente coas UD
  - Definición das actividades de recuperación do alumnado que non supera as avaliacións parciais e/ou a avaliación final
  - Definición da proba do alumnado que perde o dereito á avaliación continua.
  - Seguimento e avaliación da PD
  - Avaliación inicial
  - Medidas de reforzo educativo.
  - Educación en valores
  - Actividades complementarias e extraescolares
  - Soporte da programación e corrección do formato
- Calidade das unidades didáctica elaboradas (2)**
- Valórase neste apartado:**
  - Obxectivos específicos e actividades asociadas
  - Contidos detallados das UD
  - Criterios e instrumentos de avaliación
  - Metodoloxía explicitada a través da táboa de tarefas asociada a cada actividade
- Exposición oral da programación e unidade didáctica (3)**
- Valórase neste apartado:**
  - Concreción e adaptación ao tempo dispoñible
  - Exposición de tódolos apartados do traballo exposto
  - Coherencia, fluidez e dominio do traballo exposto
  - Medios e TICs empregados

Será imprescindible acadar un 40% da cualificación máxima nos apartados 3,4,5 anteriormente expostos para poder optar a unha avaliación positiva.

Aquel alumnado que non conte coa citada porcentaxe de asistencia perde o dereito á avaliación continua e será avaliado en base aos seguintes criterios:

- Criterios principais de cualificación**
- Tipo de instrumento/proba e** (Ponderación)
- Calidade da programación didáctica elaborada (3)**
- Valórase neste apartado:**
  - Identificación e contextualización.
  - Adecuación do currículo ás características do ámbito productivo.
  - Táboa dun mínimo de 15 UD con indicación dos RA ou CT asociados así como unha breve descrición e temporalización.
  - Número de UD desenvoltas a maiores do mínimo establecido de 5
  - Indicación dos mínimos e dos criterios de cualificación coherente coas UD
  - Definición das actividades de recuperación do alumnado que non supera as avaliacións parciais e/ou a avaliación final
  - Definición da

proba do alumnado que perde o dereito á avaliación continua.

h) Seguimento e avaliación da PD

i) Avaliación inicial

j) Medidas de reforzo educativo.

k) Educación en valores

l) Actividades complementarias e extraescolares

m) Soporte da programación e corrección do formato

\***Calidade das unidades didáctica elaboradas (1)**

Valórase neste apartado:

a) Obxectivos específicos e actividades asociadas

b) Contidos detallados das UDs

c) Criterios e instrumentos de avaliación

d) Metodoloxía explicitada a través da táboa de tarefas asociada a cada actividade

\***Exposición oral da programación e unidade didáctica (3)**

Valórase neste apartado:

a) Concrección e adaptación ao tempo dispoñible

b) Exposición de tódolos apartados do traballo exposto

c) Coherencia, fluidez e dominio do traballo exposto

d) Medios e TICs empregados

\***Exame tipo test de 30 cuestións relacionadas cos contidos desenvolto nas sesións lectivas (3)**

Pregunta correcta...Cualificación

0	.....0	1 a
4	.....1	5 a
8	.....2	9 a 12
.....3	.....3	13 a
17	.....4	18 a 20.....5
.....5	.....5	21 a 22.....6
24	.....7	25 a
26	.....8	27 a
29	.....9	30.....10

Se será imprescindible acadar un 40% da cualificación máxima

en cada un dos apartados anteriormente expostos para poder optar a unha avaliación positiva.

O alumnado que se puido acoller ao sistema de avaliación continua na primeira convocatoria e deba acudir á segunda convocatoria, deberá realizar as actividades pendentes de superación.

No caso de alumnado que perdeu o dereito á avaliación continua e deba acudir á segunda convocatoria, esta terá a mesma estrutura que no caso de perda do dereito á avaliación continua e deberán realizarse as partes pendentes de superación.

Gardaranse as cualificacións positiva acadadas na primeira convocatoria que se promediarán coas obtidas nesta segunda, de acordo coas porcentaxes descritas anteriormente.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

Muro Jimenez, J.M., **Programación y unidades didácticas en Formación Profesional**, 2008,  
[www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp),  
<https://www.educacion.gob.es/iceextranet/>,

---



---

### **Recomendacións**

---